

POLOS VIÑOS DO SOLPOR

Cara ó solpor existe unha viticultura apegada á terriña, de esqueleto granítico e veas regadas desde o Miño ata o Ulla por mil regatos que rematan o seu camiño entre viñas para seren, co Atlántico, rías.

Pero tamén existen outros espazos máis de ría, máis baixos e moito máis atlánticos que a maioría dos territorios que forman parte desa denominación de orixe.

Cara ó Atlántico, existe unha península entre rías cunha proa que enfila o horizonte do solpor coroada por un Facho, que é monte, de pegada telúrica.

O Morrazo constitúe un espazo vitícola inserido no medio da xeografía oficial da D. O. Rías Baixas, e faino ademais cunha riqueza sen igual nas outras subzonas desta denominación, cunha diversidade que poucas bisbarras ou comunas vitivinícolas posúen.

A cara norteña do Morrazo, bañada polas mareas atlánticas da ría de Pontevedra, acouga os viños das parroquias de Bueu, auténticos “Vins de Vila”, nomeadamente o val encovado que forma Cela coa presenza pontifical, esmagadora e feliz para pracer de nos da Tinta Femia (o caíño da terra que no Ribeiro Sebío e Bernardo coidan con devoción en Camporredondo e noutras viñiñas de por alí, ou a Zamarrica que Mateo puxo en escena e os funcionarios minusvaloraron sempre, incomprendido para os talibáns dos IPTes) (IPT= Índice de Polifenoles Totais)

O Morrazo non é un territorio homoxéneo, residen no seu seo microespazos dunha riqueza e identidade definida, inimitábel, cunha autenticidade apabullante, como as terriñas dos tintos definidos e estilizados, frescos, atlánticos de pura cepa: son os tintos de Cela e doutras parroquias de Bueu, onde a Tinta Femia, cachorro ou batorro, da estirpe do caíño redondo, é o sinal de identidade, o estandarte dos seus viños.

O Morrazo é terra de furanchos e furancheiros, lugares sinalados por un ramo de loureiro pendurado onde é permitida a venda de viño despois de que este se teña vendido nas zonas “oficiais”, una singular tradición viñateira que ven do século XVI.

Don Alvaro Cunqueiro citaos desta maneira: “Punto y aparte para la península del Morrazo, no porque allí bebamos vinos ilustres, sino porque allí mano a mano con Maumau, con Agustín Cela, co tío Juanito, con José Castroviejo, con Juan Santos Ríos Vino de temperán, que da fuerza viril; blanco del tío Juanito, alegre y largo, vinos del Casal de Acuña, que corrían tras lo ancho, vinos taberneros...”

No Morrazo hai un paraíso de finas areas brancas en praias asoladas, luminosas postas de sol entre illas cercanas co horizonte de noso a marcar a travesía. Neste borde vibrante e pracenteiro da Galiza aprendemos a soñar e acumulamos a enerxía necesaria para ir Máis Alá... sempre.

A tinta femia será un dos seus brebaxes que nos inspire cando os medradores e os mediocres retrasen o avance de Nos.

Traslada a súa figura con brío pola boca, limpa, nada enturba nin contamina a súa esencia, nada a distraer o paso do seu grácil corpiño... coma un manancial do Morrazo que fresquiño, vibrante e acelerado baixa ata a ría.